



**ANUNCIO**

*Con esta data ditouse resolución de Alcaldía, que a continuación se transcribe:*

**"Resolución de Alcaldía.- Convocatoria Mesa de Contratación de contrato de obra "Restauración do Palco da Música do Cantón de Diómedes".**

Realizada apertura correspondente ao sobre nº1, documentación administrativa, do contrato de obra "Restauración do Palco da Música do Cantón de Diómedes" e e rematado o prazo de presentación de documentación requirida a licitadores aos efectos de subsanación, para continuar co procedemento legalmente establecido e de conformidade co prego de cláusulas administrativas, esta Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Convocar á Mesa de Contratación, en acto **non público**, para o vindeiro **luns**, día **28 de agosto, ás 10,00 horas**, aos efectos de verificar documentación requirida de subsanación ao sobre nº 1 "documentación administrativa" e acordo da Mesa de empresas admitidas á licitación.

**SEGUNDO.-** Convocar á Mesa de Contratación, **en acto público no Salón de Sesións do concello**, para o vindeiro **luns**, día **28 de agosto, ás 10,30 horas**, aos efectos de apertura do **sobre nº 2.- Criterios cuantificables de forma automática.**

**TERCEIRO.-** Dado que o arquitecto técnico municipal D. José Manuel Ferreiroa González atópase de permiso por vacacións, asistirá ás Mesas de Contratación convocadas, á arquitecta municipal Marta Núñez De Miguel. Así mesmo, vista a ausencia da Secretaria xeral do Concello, asistindo como secretario accidental José Angel Fernández Rodríguez, asistirá como secretaria das mesas convocadas María Jesús Blanco Martínez, funcionaria do concello.

**CUARTO.-** Facer pública a presente convocatoria mediante a súa publicación no Taboleiro de anuncios do Concello e no perfil do contratante e dar traslado aos membros da Mesa de Contratación designados."

O que se pon en coñecemento.  
*Tui, o Alcalde-Presidente.*  
*Documento asinado dixitalmente ao marxe.*